

Discurso do profesor José Antonio Rodríguez Amedo

Estimados pais, profesores e alumnos. É para min un gran honor dicirvos unhas palabras no día de hoxe que representa un final de etapa, consecución dunha meta e á vez moita expectativa polo que ocurrirá en adiante.

Desde fai seis anos que empezastes neste centro a ESO a gran maioría, quedan moitos recordos, moitos deles acompañaranvos no resto da vida. Entre clases, exames e actividades tivestes outras experiencias vitais que foron configurando a vosa personalidade e converténdovos nos xóvenes adultos que temos ante nós.

Entrastes nenos/as e agora saídes mulleres e homes, cunha formación básica para o futuro.

Aquí aprendestes algo de ciencias, letras, matemáticas..... non moito, pero espero que vos chegue. E tamén que o esforzo é moi importante na vida persoal, o esforzo para o autocontrol, o esforzo intelectual que vos permitiu ir superando as distintas probas que vos fixemos, e como deportistas que sodes a gran maioría a importancia que ten para o deporte. E en definitiva o esforzo axuda a acometer e emprender grandes empresas. Moralmente gracias ó esforzo vencemos o desalento ante as dificultades.

Dicía Mahatma Gandhi:

“A nosa recompensa atópase no esforzo e non no resultado.
Un esforzo total é unha vitoria completa”

Persoalmente quería tamén agradecervos o ben que me sentín traballando con vós.

Non esquezo o primeiro día que vos vin, ala por setembro do 2008, entrei na clase, estaba repleta, erades 23 que para este centro neste momento son moitos e coa lista que levaba quedeime só coa metade e mandei ós outros para outra clase. A miña sorpresa foi que en menos dun minuto aparéceme alí o Sr. Director outra vez cos que mandara para outra aula e dime que son todos de MATEMÁTICAS, que a lista que tiña era dun desdobre de Inglés.

Mirástesme todos cunha cara de incertidume e desconfianza, lóxica (porque o menos que debía saber era cales eran os meus alumnos).

E a partir de aí empezou toda a miña relación con vós. Cada día fun conectando un pouco máis e resultoume moi cómodo impartirvos clases de matemáticas aínda que

recoñezo que este ano os luns pola tarde tiñades gañas de todo menos de clase de matemáticas.

Debo recoñecer que día a día fóstesme sorprendendo gratamente, sobre todo polas boas formas e pola vosa receptividade ante os toques de atención e corrección. Todos penso que vos esforzastes ó máximo para conseguir este título de bacharelato que só falta imprimir.

Para as vosas familias ten que ser tamén un día de felicidade e orgullo xa que con vós foron partícipes dese esforzo para chegar a esta meta.

Os profesores tamén nos esforzamos por darvos unha formación sólida que vos permita entender as claves das nosas materias.

Agora faredes a selectividade, estaredes preocupados pola nota, ou intentaredes facer algún ciclo, dubidaredes se elixistes ben. Non vos agobiedes demasiado.

Tede sempre fortaleza e optimismo ante as adversidades e non perdades a alegría e ilusión que vos caracteriza.

Termino cun poema de Gabriel Celaya que di así:

Educar es lo mismo que poner motor a una barca:

Hay que medir, pesar, equilibrar....

Y poner todo en marcha.

Pero para eso, uno tiene que llevar en el alma

Un poco de marino

Un poco de pirata

Un poco de poeta

Y kilo y medio de paciencia concentrada.

Pero es consolador soñar mientras uno trabaja,

que esa barca, ese niño,

Irá muy lejos por el agua

Soñar que ese navío

Llevará nuestra carga de palabras

Hacia puertos distantes

Hacia islas lejanas

Soñar que cuando un día

Esté durmiendo nuestra propia barca

En barcos nuevos seguirá

Nuestra bandera enarbolada.

SORTE E QUE SAIBADES QUE AQUÍ QUEDA O VOSO EX-PROFESOR E AMIGO.